RB	Ría Arousa	131	100,00			12489	36,02
	Ría Vigo N.					126	0,36
CM	Cabo Silleiro					27	0,08
	Baixo Miño					1412	4,07
	Gándaras Budiño					97	0,28
	E. Friera					128	0,37
	E. Castrelo					3501	10,10
	Areeiras Avia					33	0,10
	E. Cachamuíña					53	0,15
	E. Velle					78	0,22
	Terra Chá					1358	3,92
	CS	E. Edrada					37
E. Mao						16	0,05
E. Chandrexa Q.						13	0,04
E. Bao						46	0,13
E. Prada						53	0,15
E. San Martiño						204	0,59
E. Santiago						31	0,09
E. Pumares						48	0,14
CL	E. Penarrubia					28	0,08
	E. Salas					86	0,25
	E. Conchas					835	2,41
	A Limia					1679	4,84
TOTAL GALICIA		131	100,00	3	100,00	34677	100,00





**PROPOSTA DIDÁCTICA PARA O ESTUDIO
COMPARATIVO DA BIODIVERSIDADE
LIQUÉNICA ENTRE FORMACIÓNS BOSCOSAS
AUTÓCTONAS E ALÓCTONAS EN GALICIA.**

J. Martínez Piñeiro & M. I. López-Prada

*Universidade de Vigo. Dep. de Recursos Naturais e Medio
Ambiente.*

Apdo. 874 (36200 Vigo)

Resume

O presente artigo pretende ser unha ferramenta coa que achegarse ó coñecemento dos líques fruticulosos e foliáceos que crecen sobre as codias das árbores nos bosques galegos. Para isto aportase unha clave dicotómica dos xéneros máis comúns en Galicia.

Abstract

We show a easy way to know the foliaceus and fruticose lichens which grow on the treerinds from gallician woods. For this, we bring a dichotomic key of the more common genera in Galicia.

Palabras clave

Galicia, lique, fruticuloso, foliáceo, clave.

Introducción

Algunhas das actividades que realizan os educadores preocupados polo ensino do medio, responden ó principio de que "é

necesario coñecer para saber respetar” Neste senso o noso traballo pretende ser unha ferramenta coa que achegarse ós liques aprendendo unha metodoloxía científica sinxela que permita descubrir a morfoloxía e a biodiversidade deste grupo nos bosques galegos.

A utilización dos liques como material de traballo xustifícase polo feito de se tratar dun grupo pouco coñecido, habitual en calquera bosque, cun desenvolvemento non estacional, e que ofrece unha grande riqueza a nivel morfolóxico, estrutural e específico. Centrarémonos no estudio e identificación dos liques foliáceos e fruticulosos a nivel de xénero, evitando así o emprego de caracteres microscópicos, máis complexos para as persoas non introducidas na botánica.

A elección do tema débese ó interese que existe sobre as vantaxes ou inconvenientes da plantación de especies alóctonas nos nosos montes, e cómo a aplicación dunha metodoloxía científica axeitada e sinxela pode servir para a obtención de resultados.

En primeiro lugar presentamos unha relación de conceptos que será necesario coñecer antes da realización do traballo. A continuación propónse a metodoloxía a seguir no campo, no laboratorio e na elaboración de resultados e conclusións. Complétase o traballo cunha clave dicotómica, a nivel de xénero, dos liques foliáceos e fruticulosos máis comúns en Galicia, e unhas fichas para facilitar a toma de datos e a presentación dos resultados.

Conceptos previos

- * Lique
- * Talo crustáceo, foliáceo, escumuloso e fruticulos (fig.1)
- * Órganos reprodutores nos liques
 - De reprodución sexual (apotecio lecanorino, apotecio leci-deino) (fig.2).
 - De reprodución asexual (soralios, isidios) (fig.3).
- * Outras estruturas que se observan no talo dos liques (fig.3).
 - Ricinas
 - Pelos
 - Cifelas




Figura 1. Tipos de talo. a) talo crustáceo. b) talo escamuloso. c) y d) talo foliáceo. e) talo fruticuloso




Figura 2. a) apotecio lecanorino. b) apotecio lecideino.




Figura 3. a) y b) soralios. c) isidios. d) ricinas. e) cifelas.
f) venas. g) cilios.

Material e métodos

Poderase comenzar a actividade plantexando ós participantes algunha destas cuestións:

- ¿As formacións boscosas autóctonas presentan maior ou menor biodiversidade liquénica que as plantacións alóctonas?

- ¿Ónde observaremos máis tipos de liques distintos (xéneros diferentes): sobre unha árbore autóctona ou dunha alóctona?

- ¿En cal haberá máis cantidade de liques (cobertura)?

- Un mesmo tipo de lique (xénero) ¿Onde medrará mellor? (¿Onde alcanzará maior tamaño?).

Co fin de buscar datos que permitan dar resposta a estas cuestións proponse, en primeiro lugar, a realización dun estudo de campo.

Material e método de traballo no campo

* Mapa da zona.

* Sobres e bolsas.

* Fichas de campo; unha por árbore (ver Anexo I).

* Lapis, goma.

* Navalla ou rasqueta.

* Regla.

Elixiranse dúas formacións boscosas diferentes e próximas: unha na que predomine unha especie arbórea autóctona e a outra formada por unha especie alóctona. Propoñemos *Quercus robur* e *Pinus pinaster* como especies arbóreas a utilizar.

Os exemplares arbóreos nos que se realizarán os mostreos deben ser adultos, con aspecto de "san", de tronco dereito e que non se atopen á beira de camiños ou estradas transitadas.

Tomaranse datos de 10 árbores por bosque, examinando en cada un os liques foliáceos presentes no tronco, dende a

base ata os 2 m de altura. Recollerase un exemplar de cada un dos liques foliáceos presente para a posterior identificación no laboratorio. Cada exemplar recolectado meterase nun sobre no que se anotará: a localidade, un código que indique a árbore na que foi recolectado (números do un ó dez) e outro código para cada lique diferente recolectado nesa árbore. Acompañará a cada sobre unha ficha de campo na que se recollerán os seguintes datos:

- * Localidade
- * Código do lique
- * Código da árbore
- * Número de exemplares do lique observados no tronco.
- * Diámetro do exemplar de maior tamaño.
- * Cobertura do lique na zona del tronco estudiado.
- * Cobertura liquénica total.
- * Diámetro aproximada da árbore a 1 m do solo.

O cálculo da cobertura farase empregando un índice de cobertura (I.C.) para o que propoñemos os seguintes valores:

1. Se a cobertura é inferior ó 5 %
2. Se a cobertura está entre o 5 e o 20 %
3. Se a cobertura está entre o 20 e o 40 %
4. Se a cobertura está entre o 40 e o 60 %
5. Se a cobertura supera o 60 %

Os sobres dunha mesma árbore meteranse nunha mesma bolsa indicándose nesta o código de árbore e a localidade.

É fundamental que en cada árbore estudiada se siga o mesmo método para que os resultados poidan compararse.

Unha vez recollido o material é necesario completar o estudo no laboratorio.

Material e método de traballo no laboratorio:

- * Sobres e caixas de cartón nos que gardar os liques.
- * Fichas de laboratorio (ver Anexo II).
- * Lápis, goma, bolígrafo.
- * Lupa binocular.

En primeiro lugar farase unha descripción completa de cada liquen co fin de identificalo. Os caracteres mínimos que anotaremos na descripción son os seguintes:

- Aspecto, cor e forma das faces superior e inferior
- Tamaño do talo e dos lóbulos.
- Presencia ou non de estruturas sobre o talo: ricinas, cife-las, isidios, soralios, cilios (Fig. 3).
- Presencia e tipo de apotecios, cor da marxe e do disco.

Durante a descripción é imprescindible o emprego da lupa binocular.

Para identificar os exemplares propónse unha clave sinxela a nivel de xénero que pode ser completada con guías.

LIQUES FOLIÁCEOS DE CODIAS

(Clave dos xéneros máis comúns en Galicia)

- 1a) Talo de cor laranxa ou amarelo alaranxado... *Xanthoria* (*X. parietina*)
 - b) Talo doutra cor..... 2
- 2(1)a) Talo de cor negro ou verde negroide, coriáceo en seco e xelatinoso ó mollalo.....*Collema*
 - b) Talo doutro xeito..... 3
- 3(2) a) Face inferior sen ricinas..... 4
 - b) Face inferior con ricinas..... 7
- 4(3)a) Lóbulos do talo estreitos (0,5 - 5 mm) e alongados, máis grosos no extremo. Cara inferior negra cara ó centro e máis clara (marrón) como á periferia. Soralios frecuen-

- tes..... *Hypogymnia*
- b) Lóbulos do talo máis anchos. Talo a miúdo de máis de 10 cm..... 5
- 5(4)a) Face inferior tomentosa..... 6
- b) Face inferior non tomentosa, ou se tomentosa só visible á lupa(x 10). Apotecios dispostos na cara inferior sobre lóbulos ergueitos..... *Nephroma*
- 6(5)a) Face inferior sen cifelas. Face superior en xeral de tonos claros. Frecuentemente talo de gran tamaño.....*Lobaria*
- b) Face inferior con cifelas. Face superior de cor gris cinza, marrón escura ou negra. Apotecios pouco frecuentes..... *Sticta*
- 7(3)a) Talo de máis de 10 cm. Lóbulos anchos..... 8
- b) Talo xeralmente menor de 10 cm..... 10
- 8(7)a) Face inferior afieltrada e con veas. Apotecios dispostos na Face superior sobre lóbulos estreitos e alongado.....*Peltigera*
- b) Doutro xeito..... 9
- 9(8)a) Face inferior lisa ou lixeiramente afeltrada, na que se dispoñen os apotecios sobre lóbulos ergueitos (alga de cor verde azulada)..... *Nephroma*
- b) Doutro xeito..... *Parmelia*
- 10(7) a) Talo de cor gris azulado ou marrón grisáceo que oscurece ó humedecelo. (alga verde azulada).....11
- b) Talo de cor variable (non azulado) que non escurece ó humedecelo. (alga non verde azulada)..... 12
- 11(10) a) Apotecios lecanorinos..... *Pannaria*
- b) Apotecios lecideinos..... *Parmeliella*
- 12(10) a) Lóbulos marxinais longos e estreitos (menores de 2 mm). Talo gris o grisáceo claro..... *Physcia*
- b) Lóbulos, en xeral, que superan os 2 mm....13
- 13(12) b) Ricinas pouco numerosas. Talo non aplicado o substrato con lóbulos ascendentes de 1 a 3 cm. de ancho..... 14
- a) Ricinas numerosas. Talo de cor e tamaño variable, xeralmente sen lóbulos ascendentes..... *Parmelia*

- 14(13) a) Talo coa face superior marrón verdosa que se volve verde máis pálida ó humedecela. A face inferior é marrón hacia a marxe e máis pálida hacia o centro..... *Cetraria*
 b) Talo coa face superior gris verdosa e que non cambia de cor ó humedecela. A face inferior é marrón escura ou negra hacia o centro e marrón máis pálido na marxe..... *Platismatia (P. glauca)*

LIQUES FRUTICULOSOS DE CODIAS

(Clave dos xéneros máis comúns en Galicia)

- 1a) Talo de sección redondeada, ó rompelo obsérvase no seu interior un cordón, xeralmente branco, máis ou menos resistente..... *Usnea*
 b) Talo de sección plana..... 2
 2(1)a) Talo coas dúas faces de cor semellante..... *Ramalina*
 b) Talo coas dúas faces de distinta cor..... 3
 3(2) a) A face superior gris verdosa e a inferior, total ou parcialmente, gris escura ou negra..... *Pseudevernia (P. furfuracea)*
 b) A face superior gris verdosa ou verde amarelento e a inferior branca..... *Evernia (E. prunastri)*

Xeito de facer un herbario

Unha vez identificado o exemplar colócase nun sobre no que se anota o nome científico, neste caso o xénero, a localidade, a data na que foi recollido, a/as persoa/s que o recolleron, a/as persoa/s que o identificaron e o substrato (neste caso a especie arbórea). Cada sobre irá acompañado da ficha da descrición onde se anoten tamén os datos tomados no campo e outras observacións que se consideren de interese (condicións ecolóxicas, morfoloxía ou estruturas que resulten peculiares ou diferente do descrito nas guías, etc).

Elaboración de resultados e conclusións

Cos datos recollidos no campo e os obtidos do estudio no laboratorio intentarase dar resposta ás cuestións plantexadas.

Propónse a utilización de métodos estadísticos sinxelos (media, porcentaxe) cos que establecer comparacións entre as formacións boscosas estudiaadas.

Estes datos pódense presentar a modo de táboas nas que se reflectan os resultados obtidos nunha e noutra zona (Anexo III). A partir disto pódense establecer porcentaxes que permitan comparar as dúas formacións boscosas: número dos xéneros presentes, cobertura, tamaño medio dos xéneros comúns.

Hai que ter en conta que os resultados obtidos son puntuais e non xeralizables, responderán a unhas cuestións plantexadas para uns lugares concretos nun momento determinado. Esta é unha idea que os participantes deben ter clara á hora de elaborar as súas conclusións.

Se os resultados amosan máis biodiversidade liquénica nunha das zonas, intentarase dar algunha explicación a este feito (maior antigüidade, menor influencia humana, diferencias nas codias,...).

Presentación dos informes

Consideramos que o educador, xa antes de realizar o estudo de campo, debe propoñer ós participantes o xeito no que se pode presentar o informe do traballo. A continuación propoñemos un esquema que serve de referencia para este propósito.

- 1.- Portada
- 2.- Obxectivos (pregunta que nos plantexamos e que propoñemos resolver).
- 3.- As zonas de estudio (situación e breve descripción).
- 4.- Material e métodos (tanto no campo como no laboratorio).
- 5.- Resultados e conclusións (as táboas de resultados e a interpretación).
- 6.- Bibliografía utilizada
- 7.- Anexos
 - * Mapa da zona

- * Fichas de campo
- * Fichas de laboratorio
- * Herbario (sobres e fichas)

Bibliografía

- BRIGHTMAN, F. H. & NICHOLSON, B. E. 1985. Guía de campo de las plantas sin flores. Ed. Omega. Barcelona.
- CLAUZADE, G. & ROUX, C. 1985. Likenoj de Okcidenta Euro. Ilustrita determinlibro. Bull. soc. CentreOuest, Nouvelle ser., n° special 7:1-893
- DOBSON, F.S. 1992. Lichens. An illustrated guide to the British and Irish species. The Richmond Publishing co. LTD. Slough
- HALUWYN, C. VAN & LEROND, M. 1993. Guide des lichens. Éditions Lechevalier, Paris.
- JAHNS, H. M. 1982. Guía de campo de los helechos, musgos y líquenes de Europa. Ed. Omega. Barcelona.
- OZENDA, P. & CLAUZADE, G. 1970. Les lichens. Etude biologique et flore illustrée. Masson et Cie.

ANEXO I

FICHA DE CAMPO

DATA _____

LOCALIDAD: (lugar, municipio, provincia)

CÓDIGO: (C. árbore)-(c. do liquen)

Nº EXEMPLARES OBSERVADOS:

DIÁMETRO DO EXEMPLAR DE MAIOR TAMAÑO:

COBERTURA DO LIQUEN (I.C.)

OBSERVACIÓNS:

ANEXO II

FICHA DE LABORATORIO

DATA _____

LOCALIDAD: _____

CÓDIGO:

COR DA FACE INFERIOR

COR DA FACE SUPERIOR:

LÓBULOS MARXINAIS

TAMAÑO _____ FORMA _____

(debuxo)

PRESENCIA DE ESTRUCTURAS:

SI NON

SORALIOS

ISIDIOS

CILIOS

RICINAS

CIFELAS

APOTECIOS

ESTRUCTURAS REPRODUCTORAS (apotecios)

COR DO DISCO _____ COR DA MARXE _____

ANEXO III

XÉNEROS

(sobre *Quercus robur*)

(media por árbore)

nº exemplares	diámetro maior	cobertura
---------------	----------------	-----------

1.- (xénero)	_____	_____
--------------	-------	-------

2.-	_____	_____
-----	-------	-------

3.-	_____	_____
-----	-------	-------

.	_____	_____
---	-------	-------

.	_____	_____
---	-------	-------

XÉNEROS

(sobre de *Pinus pinaster*)

(media por árbore)

nº exemplares	diámetro maior	cobertura
---------------	----------------	-----------

1.- (xénero)	_____	_____
--------------	-------	-------

2.-	_____	_____
-----	-------	-------

3.-	_____	_____
-----	-------	-------

.	_____	_____
---	-------	-------

.	_____	_____
---	-------	-------

DATOS OBTIDOS

	Quercus robur	Pinus pinaster
n ^o de xéneros totais	_____	_____
n ^o medio de xéneros por árbore	_____	_____
cobertura media total dos liques	_____	_____
cobertura media total de liques estudiados (l.f.)	_____	_____
cobertura media total cobertura media total l. f.	_____	_____

AVISTAMENTOS E VARAMENTOS DE CETÁCEOS. AÑO 1996

Juan Ignacio Díaz da Silva

Coordinador mamíferos mariños da SGHN

Resume

No presente traballo recóllense algunhas observacións de avistamentos e varamentos de cetáceos remitidas á SGHN correspondentes a 1996.

Abstract

This paper include some records of cetacea observed from the northwest coast of Galicia in 1996.

Palabras clave

Mamíferos mariños, avistamentos, varamentos

AVISTAMENTOS

Realizáronse 30 observacións neste ano, nas que se rexistraron un total acumulado de 339 cetáceos odontocetos das especies Golfinho común (*Delphinus delphis*), 3,3%; Arroaz real (*Tursiops truncatus*) 93,3% e Candorca (*Orcinus orca*) 3,3%.

METODOLOXÍA

Os datos obtidos foron o resultado de avistamentos feitos desde terra por colaboradores da SGHN, que ocasionalmente

observaban as aparicións, ben na súa xornada de traballo, deporte ou paseo.

Outro tipo de avistamentos son os realizados desde o mar, con desprazamentos en barco e co obxectivo inicial destes estudos. A SGHN contou para iso coa colaboración de INICE-GOLFIÑO pola posibilidade de utilizar o barco que esta asociación científica-deportiva dispón.

Os datos que se tiveron en conta con respecto ós avistamentos de cetáceos, ademáis da identificación dos mesmos, foron: o número deles, intentando diferenciar se iso era posible, adultos de inmaturos; a dirección das mandas e a existencia de outros animais asociados a eles (cetáceos doutras especies, gaivotas, peixes, etc.)


Indícase tamén as principais condicións ambientais: estado da marea, meteoroloxía, forza do vento e hora do rexistro.

Moi valorada foi a obtención de fotografía ou vídeo, tanto pola posibilidade de comprobar a especie, como por poder facer un rexistro que facilitara o recoñecemento dos mesmos animais en avistamentos distintos.

DESCRIPCIÓN DOS AVISTAMENTOS

Os puntos de observación céntranse en tres zonas distintas entre si e con diferente nivel de estudio.

ZONA 1: A más grande xeográficamente, desde Punta Fornelos, no Concello de Valdoviño, ata Punta Lousada no Concello de Pontedeume (Ría de Ares), rexistrou un 83,3% das aparicións, tanto desde terra como desde mar.



Presencia de Arroaz real na costa de Ferrol. Considerouse unicamente un avistamento por día para evitar reiteración de observacións.

Foto: Pablo Pita Criado



ARROAZ REAL (*Tursiops truncatus*)
Praia de Doniños - 27 Abril 1996. Grupo de 10 exemplares.

ZONA 2: Ría de Muros, un único avistamento realizado desde terra.

ZONA 3: Ría de Arousa, 13,3% do total dos avistamentos, todos eles desde terra.

Os avistamentos realizados nas zonas 2 e 3 foron todos eles casuais e insuficientes para un estudio completo das súas costas respectivas, polo que nos referiremos a elas con certa reserva.

A tódolos efectos os datos máis completos con fins de estudio son os referidos á zona 1, se ben se analizan todos aqueles que conforman a totalidade das citas.

A frecuencia de aparicións en lugares concretos foi a seguinte:

RÍA DE FERROL (Zona 1)	40% do total
PRAIA DE DONIÑOS (Zona 1)	16,6% do total
RÍA DE MUROS (Zona 2)	3,3% do total
ILLA DE AROUSA (Zona 3)	13,3% do total

Estas porcentaxes refírense unicamente ós puntos máis frecuentados polos cetáceos.

O período do ano que rexistrou maior cantidade de aparicións de cetáceos foi o segundo trimestre (66,6%) e, dentro deste, o mes de xuño co 26,6% de avistamentos. Pola contra os meses nos cales non se avistaron cetáceos foron os de xaneiro, febreiro, setembro e decembro.

RESUME POR ESPECIES

ARROAZ REAL (*Tursiops truncatus* - Montagu, 1821)

Foron observados individuos desta especie en todas as

zonas estudiadas. A maior cantidade de rexistros corresponde á ZONA 1 (85,7% do total de *Tursiops*); en algo máis da metade destes (46,4%), as mandas ian acompañadas de exemplares inmaturos. En moitas das aparicións, especialmente nas rías, conséntase que as mandas achéganse ós fondos delas (con case un metro de calado) coincidindo coa marea chea, e do mesmo modo fan coincidir a súa saída coa marea baixa.

GOLFIÑO COMÚN (*Delphinus delphis* - Linnaeus, 1758)

Un único avistamento realizado na Ila de Arousa-Sur (ZONA 3), unha manda de 16 individuos adultos e asociados a eles observouse un grupo significativo de gaivotas, todos eles seguindo moi posiblemente a un banco de peixes. Nesta ocasión dáse tamén a coincidencia da marea chea ou enchendo.

CANDORCA (*Orcinus orca* - Linnaeus, 1758)

A finais do mes de marzo avistouse un exemplar de Candorca nas costas de Ponzos. A comunicación partiu duns practicantes de surf, habituais colaboradores nestas observacións, que identificaron facilmente ó animal gracias á súa inconfundible aleta dorsal, pola descrición de máis dun metro e medio de alto.

VARAMENTOS

Ó longo do ano rexistráronse un total de 24 varamentos de cetáceos, todos eles odontocetos, atopados xa mortos na totalidade dos casos.

A continuación detállanse as diferentes especies que durante este período de tempo vararon nas praias e costas das zonas de estudio:

- Golfinho común (*Delphinus delphis*), 58,3%;
- Arroaz real (*Tursiops truncatus*), 16,6%;
- Toniña (*Faciaria faciana*), 8,3%;
- Caldeirón (*Globicephala melaena*), 4,1%;
- Arroaz boto (*Grampus griseus*), 4,1%;
- Golfinhos ssp, un 8,3%.

METODOLOXÍA

A recompilación de citas foi posible gracias, por unha banda, ós traballos persoais de membros da SGHN no seu frecuente percorrido de praias na búsqueda dos varamentos propiamente ditos, ou con ocasión de censos, aves abeiradas, etc.

Outro bloque, non menos importante, conseguiuuse coa colaboración de diferentes entidades oficiais, asociacións, particulares, afeccionados, amigos, e de todo aquel que deixou a súa mensaxe no noso contestador.

Localizado o corpo, procédese "in situ" á identificación da especie, toma das medidas e sexado do animal. A inspección ocular inmediata permite detectar as feridas externas que puidera ter e a relación destas na causa da morte; o grao de putrefacción (gases do abdome, ausencia de epiderme por zonas, momificación, etc.).

A análise interna, cando é posible facelo polas condicións do corpo, céntrase no aparato dixestivo comprobando a presenza de alimento ou dalgún obxecto estrano como plásticos, redes, etc. e do aparato xenital, especialmente nas femias, na búsqueda dalgún feto ou sinais de lactancia. Tamén son recollidos parásitos, tanto externos como internos para o seu posterior estudio.

Nalgúns casos recupéranse restos óseos, especialmente cráneos, omóplatos, esternóns e osos pélvicos. O esqueleto completo recóllese cando o estado do corpo ou a singularidade da especie fai interesante poder dispoñer da totalidade do animal.

Todas estas citas son recompiladas no arquivo de datos que a SGHN dispón para a súa posterior divulgación.

RESUME DOS VARAMENTOS

Entre Punta Fornelos, no concello de Valdoviño e Punta Coitelada, concello de Ares, recóllense os datos de vinteún varamentos. Os tres restantes corresponden a: un en Porto Rinlo (Ribadeo-Lugo), e os outros dous á Praia de Louro (Muros-Coruña).

As praias onde foron rexistrados maior número de varamentos foron en orden decrecente:

Doniño (Ferrol)	25% do total
San Xurxo (Ferrol)	16% do total

A situación xeográfica destes areais, presenza de correntes favorables, influencias de ventos, proximidade de caladeros de pesca, puideran ser razóns para a maior porcentaxe de varamentos nas dúas praias citadas.

En tódolos meses do ano apareceron cetáceos varados, con excepción do mes de Xaneiro e do de Marzo. O trimestre con maior número de rexistros foi o terceiro, con oito cetáceos, seguido do segundo trimestre con sete varamentos.





Foto: J. I. Díaz da Silva



TONIÑA. (*Phocoena phocoena*)
Frouxeira-Valdoviño 20-05-96

RESUME POR ESPECIES

GOLFIÑO COMÚN (*Delphinus delphis* - Linnaeus, 1758)

O 58,3% dos varamentos corresponden a esta especie, cantidade que se corresponde co dato de que este é o mamífero mariño máis abondoso do planeta e o máis amplamente distribuído por las augas tépedas, cálidas e subtropicais do mundo. Está presente tamén no mediterráneo e no Mar Negro.

Este Golfiño prefere as augas profundas e afastadas da costa, aínda que existen poboacións que viven máis preto dela.

A frecuencia de varamentos de machos desta especie parece ser unha constante comprobada en censos de varios anos. No que se refire a este, dun total de 14 animais atopados, 9 eran macho, 3 femias e os 2 restantes non puideron ser sexados polo seu estado de deterioro.

As principais ameazas que ten esta especie son as capturas accidentais por artes de pesca (redes de cerco, redes á deriva, etc.) e a contaminación das augas (organoclorados e metais pesados especialmente).

ARROAZ REAL (*Tursiops truncatus* - Montagu, 1821)

A segunda especie en frecuencia de aparicións, 16,6%, a pesares de que é o Golfiño máis frecuente nas nosas costas nalgunhas épocas do ano, se temos en conta os datos de avistamentos.

Especie fundamentalmente costeira que penetra incluso nos fondos das rías, onde é observado perseguindo bancos de peixes. Existen sen embargo poboacións peláxicas que poden realizar migracións estacionais. No hábitat costeiro, co seu acúmulo de contaminantes, encontra esta especie unha das maiores ameazas.

TONIÑA (*Phocoena phocoena* - Linnaeus, 1758)

Só se rexistraron dous varamentos neste ano. Especie máis abundante no sur de Galicia no que se refire a avistamentos. Existen poboacións constatadas nas Rías Baixas.

No que se refire ás ameazas está especie, marcadamente costeira, sofre as consecuencias do deterioro ecolóxico máis que ningunha outra. As capturas accidentais na pesca é outra grave presión sobre a especie.

A Toniña está incluída na "Lista Roja de los Vertebrados de España" editada por Icona.

As outras dúas especies rexistradas nos varamentos deste ano foron o Caldeirón común (*Globicephala melaena* Traill, 1809) e o Arroaz Boto (*Grampus griseus* Cuvier, 1812). Nos dos casos trátase de especies oceánicas que se achegan con frecuencia ás costas, especialmente no caso do Caldeirón, presente nos datos de varamento dos últimos anos.

A CONVENCIÓN DE RAMSAR PARA A PROTECCIÓN DE ZONAS HÚMIDAS

Ignacio Allegue Lagostena

Sociedade Galega de Historia Natural, Ferrol

Resume

Revisase en perspectiva a importancia da Convención de Ramsar para a preservación dos humedais mundiais e analízanse as implicacións xurídicas do seu articulado

Abstract

This paper contents a review on the historical importance of the Ramsar convention for the world wetlands preservation

Palabras clave

Humedais, conservación, Ramsar, aves acuáticas, lexislación

INTRODUCCIÓN

A defensa do Medio Ambiente e a súa conservación vense desenvolvendo en pequenos pasos desde a década dos setenta. Organizada pola ONU a Conferencia sobre o Medio Ambiente celebrada en Estocolmo do 5 ó 16 de Xuño de 1972 marca o inicio a escala mundial desta protección.

Nesta Conferencia apróbase a Declaración sobre o Medio Humano constituíndo a verdadeira Carta Magna do ecoloxismo internacional enunciando como verdadeiro principio programático no seu Apartado 1.1-2: 1. Os dous aspectos do

medio humano, o natural e o artificial, son esenciais para o benestar do home e para o goce dos dereitos humanos fundamentais, incluso o dereito á vida mesma. 2. A protección e o melloramento do medio humano é unha cuestión fundamental que afecta ó benestar dos pobos de todo o mundo e un deber de todos os Gobernos.

Como consecuencia da grande velocidade á que se desenrolaron as normas do Dereito Internacional do Medio Ambiente estas terán unhas características especiais, de modo exemplificativo: algúns tratados non teñen valor obrigatorio senón que establecen disposicións xerais que serán desenroladas por outro tipo de textos mentres outros teñen un carácter meramente obrigatorio.

Esta caracterización en definitiva, o que nos interesa neste caso, busca un último fin que non é outro que a defensa e a conservación do Medio Ambiente. Como establece a Lex Legum española no seu artigo 45: Todos teñen o dereito a disfrutar dun Medio Ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo .

¿POR QUÉ UNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ÓS HUMEDAIS?

¿Cal é a súa importancia?. En opinión de F. González e C. Pérez son dez as funcións útiles a destacar que cumpren as zonas húmedas:

1. Importante papel na regulación dos ciclos hídricos e das inundacións, debido á súa eficacia evaporativa e a súa capacidade para desincronizar e retardar picos de crecida, isto debido a que con frecuencia posúen ciclos diferentes nas distintas partes da súa superficie, como ocorre nas chairas de inundación ou nos deltas internos. Presentan ademais, unha produtividade máis alta que o territorio, porque permanecen activos en épocas de estío cando os terreos do redor xa secaron.

2. Retardan os ciclos da materia, permitindo a recuperación de valiosos nutrientes polo xeral.

3. A evapotranspiración procedente da vexetación que medra nos humedais, actúa como un importante sumideiro de enerxía, contribuíndo así á creación de microclimas locais e

quizais influindo no clima en xeral. Estas zonas terían temperaturas máis baixas e unha maior humidade relativa do ar que as do redor o que proporciona certo frescor no ambiente durante os meses de calor.

Producción de peixes e gando para as poboacións locais, como ocorre no caso das chairas tropicais. Os sistemas que caracterizan, de sumideiro e bombeo de nutrientes, contribúen ó mantemento de poboacións de peixes adaptados, que poden ser aproveitados en datas convenientes, durante as súas migracións. En Galicia as rías e lagoas proporcionan un medio de grande importancia para o desenvolvemento de alevíns de peixes que máis tarde se pescaran no mar. Por outro lado, os enchoupageamentos periódicos engaden auga e nutrientes a pastos e cultivos, permitindo formas especializadas de agricultura. Ademais nalgunhas zonas constitúen excelentes pesquerías, son importantes hábitats de aves acuáticas, por non falar do aproveitamento económico dalgunhas especies cinexéticas destas áreas.

4. Os humedais poden ser de grande importancia para a produción de peixes e gando para as poboacións locais, como ocorre no caso das chairas tropicais. Os sistemas que as caracterizan, de sumideiro e bombeo de nutrientes, contribúen ó mantemento de poboacións de peixes adaptados, que poden ser aproveitados en datas convintes, durante as súas migracións. En Galicia as rías e lagoas proporcionan un medio de grande importancia para o desenvolvemento de alevíns de peixes que máis tarde se pescaran no mar. Por outro lado, os enchoupageamentos periódicos engaden auga e nutrientes a pastos e cultivos, permitindo formas especializadas de agricultura. Ademais nalgunhas zonas constitúen excelentes pesquerías, son importantes hábitats de aves acuáticas, por non falar do aproveitamento económico dalgunhas especies cinexéticas destas áreas.

5. Proporcionan alimento e refuxio a numerosos animais. Este é o caso de certos lepidópteros, aves, anfibios, reptiles e micromamíferos que atopan nestas zonas as condicións idóneas para atenuar a deshidratación e un ambiente máis favorable para a súa supervivencia que o das zonas secas, o que queda reflectido na coexistencia de especies moi variadas.

6. Proporciona refuxio a especies vexetais, pertencentes a

distintos microclimas que penetran nas zonas áridas gracias ás condicións especiais que ofertan os humedais.

7. Proporcionan importantes recursos, auga para beber, sales para lambar, tanto para animais domésticos como para animais silvestres que polo miúdo son capaces de tolerar altas concentracións de sal.

8. Algúns humedais de zonas secas proporcionan valiosos recursos minerais como o sal común, sales de potasio, bromo, turba, etc.. Algunhas destas áreas constituíron sistemas produtores de metais valiosos, fosfatos, petróleo, asfalto e depósitos de gas. O estudio dos sistemas actuais pode ser útil para a mellor comprensión e prospección dos depósitos fósiles.

9. Destacaremos tamén a súa función de reserva bioxénica en comunidades microbianas, moi estudadas como exemplos de sorprendentes funcións ecolóxicas e bioquímicas de potencial interés en novos procesos biotecnolóxicos.

10. Para rematar hai que destacar o importante valor paisaxístico que xogan, sobre todo en áreas secas e chairas, rompendo a monotonía dos cultivos de cereais e engadindo un toque acolledor á paisaxe.

OBXECTIVOS

Como consecuencia da importancia dos humedais abordada no epígrafe precedente tratase por este convenio impedir o deterioro e a perda progresiva de humedais por unha banda e por outra asegurar a conservación dos ecosistemas das zonas húmidas coordinando as políticas nacionais ó efecto cunha acción internacional.

CONTIDO

A) Definición de humedais.

O convenio no seu artigo 1.1 danos a definición xurídica do que entende por tales: "...as zonas pantanaís, marxais, turbeiras ou superficies recubertas de augas naturais ou artificiais, permanentes ou temporais, con auga estancada ou

corrente xa sexa doce, salobre ou salgada, incluídas as extensións de auga marina cando a súa profundidade con marea baixa non exceda de seis metros”.

B) Definición de aves acuáticas.

O mesmo art. 1º no seu apartado 2º define as aves acuáticas como aquelas...“que dependen ecoloxicamente dos humedais”.

As aves quizais por seren un dos grupos zoolóxicos máis estudiaados, ou o que máis, foi obxecto non só neste senón noutros tratados dunha protección especial. Pero esta protección non se limita exclusivamente ás aves senón que co paso do tempo desde a entrada en vigor do Convenio á protección especial ó grupo ornitolóxico sumáronse outros seres vivos vinculados estreitamente ós ecosistemas protexidos polo Convenio.

A definición que aporta o art.1.2 do que son as aves acuáticas ó meu entender resulta vaga pois son moitas as especies que nalgún momento da súa vida dependen dos humedais sen ser este o seu hábitat natural. A opción máis correcta sería incluír unha lista de especies ou familias protexidas (*Ana-tidae*, *Phalacrocoracidae*,...).

C) Obrigacións primarias ou esenciais.

Inclúense aquí unha serie de obrigas establecidas polo Convenio que poderíamos denominar como mínimas para as partes contratantes. Serían as mencionadas no artigo 2º do Convenio.

Cada parte contratante é a que designará os humedais que sitios no seu territorio considere de interese suficiente como para incluílos na Lista encargada á Unión Internacional para a Conservación da Natureza e os seus Recursos que é quen realiza as funcións de Oficina Permanente en virtude do art. 8º en tanto en canto non se designe outra organización ou Goberno polos Estados parte.

Os límites de cada zona húmida designada deberán des-

cribirse con precisión e trazarse nun mapa, as zonas limitadas poden incluír zonas ribereñas e costeiras adxacentes ós humedais, así como illas e extensións de auga mariña de profundidade superior a seis metros con marea baixa que estean rodeadas pola zona húmida, especialmente cando esas zonas teñan importancia para o hábitat de aves acuáticas.



Lagoa de
Valdoviño



Complexo Rías
de Sta. Marta
de Ortigueira
e Ladrado

Non todos os humedais dun Estado poden incluírse sen límites na Lista, existen unhas condicións que deben respetarse, é dicir a selección dos humedais fundamentarase segundo o art. 2.2 na súa importancia internacional en relación coa ecoloxía, botánica, zooloxía, limnoloxía ou hidroloxía, incluíndose en primeiro lugar os humedais que teñan importancia internacional para as aves en tódalas estacións. Chegados a este punto temos que facer unha serie de consideracións sobre como se designa unha zona húmida de importancia internacional; nun principio o elemento bioindicador da importancia dunha zona era a únicamente o grupo das aves, mais a raíz do desenrolo de Conferencias derivadas do Convenio e en especial a de Rexina de Xuño de 1987 foron ampliados e tese que ter en conta:

1. Que se considerará de importancia internacional se a zona é representativa da rexión na que se ubica. Serían razóns de representatividade ou unicidade do lugar.

2. Criterios que atenden á flora e á fauna:

-Que na zona existan especies ou subespecies raras, vulnerables ou en vía de extinción.

-Que posúa unha flora e fauna orixinal, rica e diversa.

-Que conteña endemismos.

3-Criterios que atendan unicamente ás aves:

-Que alberguen máis de 20.000 aves acuáticas.

-Que alberguen un número significativo de individuos de aves acuáticas indicadoras dos valores da produtividade ou da diversidade da zona húmida.

-Que albergue habitualmente o 1% dos individuos dunha especie ou subespecie de ave acuática.

O art. 2.3 fai unha mención expresa á soberanía estatal pois a inscrición farase sen prexuízo dos dereitos exclusivos da Parte contratante sobre o territorio en que estea situado. Esta referencia á soberanía faise en relación co territorio no que se sitúa a zona. O que non significa que o Estado que posúe a soberanía sobre esa zona poda actuar sen teren conta os dereitos das demais partes á conservación da zona húmida. É aquí onde se sitúa a aseveración realizada no Preámbulo onde se recoñecen as aves acuáticas como recurso internacional pois nas súas migracións moitas especies atravesan fronteiras. Ademais hai que considerar o establecido no art. 2.6:

Cada unha das partes contratantes deberá ter en conta as súas responsabilidades de carácter internacional relativas á conservación, ordenación, vixilancia e explotación racional das poboacións migratorias de aves acuáticas, tanto o designar os humedais do seu territorio que teñan que incluírse na Lista como a exercitar o seu dereito de modificar as inscricións correspondentes .

Así todo o Estado está comprometido internacionalmente cos demais pois debe conservar, ordenar, vixiar e explotar ás poboacións ornitolóxicas migratorias. O Estado en cuestión non pode actuar discrecionalmente, a súa actuación está limitada polos demais Estados, polo interese que teñen estes na conservación e protección das aves. O Estado cando teña que legislar dentro das súas competencias internas farao no senso do Convenio, adoptando unha postura ante todo proteccionista.

Os Estados como obriga mínima teñen que incluír no momento da firma ou do depósito dos instrumentos de ratificación ou adhesión alomenos unha zona húmida na Lista (art.2.4). O Estado español cumprindo con isto incluíu as Tablas de Daimiel, o Parque Nacional de Doñana e a Laguna de Fuente de Piedra. O cal non impide como di o art. 2.5 que se poidan engadir novos humedais á Lista ampliar os que xa se inscribiron ou atendendo a razóns urxentes de interese nacional retirar ou restrinxir os límites dos xa inscritos estando na obriga, se isto sucedese, de informar o antes posible á Organización ou Goberno que desenrole as funcións de Oficina Permanente especificadas no art. 8º.

D) Outras obrigacións de comportamento.

Este Convenio, ó igual que outros que tratan o tema da protección do medio ambiente, impón unha serie de obrigas de comportamento os seus membros así:

-Obrigación de formular e aplicar os seus plans de ordeación de xeito que se favorezan a conservación dos humedais incluídos, polo Estado en cuestión, na Lista e, na medida do posible, a utilización racional dos humedais do territorio estatal. Esta obriga recóllese no art. 3.1, a destacar a mención na medida do posible que reduce a obrigación ó mínimo.

-O art. 3.2 impón a obriga de dispor dos medios necesarios para ser informado o antes posible daqueles cambios de carácter ecolóxico nos humedais sitos no territorio do Estado parte do Convenio e inscritos na Lista, que se produciran xa, estéanse a producir ou sexa probable que se produzan como consecuencia da evolución tecnolóxica, da contaminación ou de calquera outro feito debido á intervención humana. Estas informacións deberán ser facilitadas sen demora á Organización ou ó Goberno que desempeñe as funcións de Oficina Permanente.

-Obrigación de fomentar a conservación dos humedais e das aves acuáticas mediante o establecemento de reservas naturais en humedais incluídos ou non na Lista e tomando as medidas adecuadas para a súa salvagarda. (art. 4.1).

-Obrigación de compensar na medida do posible, toda perda de recursos en humedais e de establecer novas reservas naturais para as aves acuáticas e para a protección, na mesma rexión ou noutros lugares, dunha porción adecuada do seu hábitat de orixe cando un Estado por urxentes de interese nacional retire ou restrinxa unha zona húmida inscrita (art. 4.2).

-O art. 4.3 dinos que as Partes deberán fomenta-la investigación e o intercambio de datos e de publicacións relativas ós humedais, á súa flora e á súa fauna. Non di como deberá efectuarse ese intercambio así que presupoñemos que valerá de calquera xeito que asegure o intercambio de información.

-Obrigación de esforzarse na xestión dos humedais para incrementa-la poboación de aves acuáticas (art. 4.4).

-Obrigación das Partes de favorece-la formación do persoal competente para o estudo, a administración e a salvagarda dos humedais (art. 4.5).

-O art. 5º establece dúas obrigacións ben diferenciadas. Así no seu parágrafo primeiro obriga as Partes a celebrar consultas recíprocas respecto do cumprimento das obrigacións derivadas do propio Convenio. Estas consultas deberán facerse especialmente cando unha zona húmida abrangue territorios de máis dunha Parte contratante ou cando compartan unha mesma cunca hidrográfica. O parágrafo segundo do mesmo artigo resalta unha vez máis o apoio e a coordinación que as Partes deben prestarse, esta vez en cuestións políticas

e reglamentarias tanto presentes como futuras en materia de conservación, de humedais, da súa flora e da súa fauna.

-O art. 6º regula ó igual que o art. 7º as cuestións relativas ás conferencias que sobre conservación de humedais e das aves acuáticas organizarán as partes cando sexa necesario. Estas conferencias terán carácter meramente consultivo e a súa esfera competencial fundamentalmente será a que nos indica o art. 6.2:

a) Tratar da aplicación do Convenio.

b) Tratar das adicións e modificacións na Lista.

c) Examina-las informacións sobre as alteracións nas condicións ecolóxicas das zonas húmidas incluídas na Lista, que se facilitaron en virtude do art. 3.2.

d) Formular recomendacións, de carácter xeral ou concreto, ás Partes sobre a conservación, administración e utilización racional dos humedais, da súa flora e da súa fauna.

e) Pedir ós Organismos Internacionais competentes a preparación de informes e estatísticas sobre cuestións de carácter esencialmente internacional que concernen fundamentalmente ós humedais.

As Partes Contratantes veñen obrigadas polo art.6.3 a informar a todos aqueles que desempeñen funcións de tódolos niveis de administración dos humedais e a tomar en consideración as recomendacións das conferencias no relativo á conservación, administración e utilización racional dos humedais, da súa flora e a súa fauna. Polo tanto aínda que as conferencias só teñen un efecto consultivo débense ter en conta as recomendacións ás que se chegan nas mesmas nas materias anteriormente citadas.

En canto a quen pode participar nas conferencias e cal é o modo de tomar as decisións a resposta debemos atopala no art. 7º.

No parágrafo primeiro o precepto dinos respecto a primeira cuestión que se deberán incluír nas representacións das Partes nas conferencias a persoas expertas en zonas húmidas ou en aves acuáticas. Estas persoas como se di no mesmo parágrafo son aquelas que teñan tal consideración polos seus coñecementos e experiencia adquirida en funcións científicas administrativas ou doutra clase.

Respecto á cuestión da adopción de acordos o parágrafo segundo estima que cada Parte Contratante terá un só voto e que as recomendacións froito das deliberacións efectuadas entre os expertos asistentes á conferencia adoptaranse por maioría dos votos emitidos. Sempre ten que concurrir para a válida adopción das recomendacións un quorum mínimo: a metade das Partes Contratantes. Asemade cando se dean todos estos requisitos o acordo poderemolo clasificar como válido e deberá ser tomado en consideración nos términos do art. 6.3.

ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA

A) Depositario. Cumpre a función de Depositario ó Director Xeral das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO). O Depositario deberá informar o antes posible a tódolos Estados que firmaran o Convenio ou se adheriran ó mesmo: das firmas, do depósito de instrumentos de ratificación, do depósito de instrumentos de adhesión, da data de entrada en vigor, e das notificacións de denuncia do Convenio.

Cando o Convenio entre en vigor o Depositario ten como obriga o rexistro do mesmo na Secretaría das Nacións Unidas de conformidade co art. 102. O Convenio está feito en Ramsar o 2 de Febreiro de 1971 nun só exemplar en inglés, ruso, francés e alemán e que no caso de discrepancias de interpretación o art. 12 dinos que prevalecerá o texto en inglés. Outra das obrigacións do Depositario é a custodia dese exemplar así como a expedición de copias certificadas a tódalas Partes Contratantes.

B) Organismos implicados. Neste epígrafe estudiaremos unha serie de órganos vinculados ó Convenio e que cumpren funcións ben diversas.

1-Secretario permanente: Denominarémolo así por ser a forma corrente no Dereito Internacional Público mais deberiamos saber que neste caso concreto tamén é chamado Oficina Permanente ou Bureau Ramsar. Está composta por dúas seccións unha administrativa e outra técnica auspiciada pola Unión Internacional para a Conservación da Natureza e a International Waterfowl Research Bureau (Oficina Internacional de Investigación das Aves Acuáticas) a UICN

desempeñará as funcións de Oficina Permanente en tanto non sexa designada outra Organización ou Goberno pola maioría dos dous tercios. As súas funcións determinanse no art. 8º segundo o cal terá entre outras funcións:

-Colaborar na convocatoria e organización das conferencias previstas no art. 6º.

-Manter a Lista e recibir das Partes as informacións previstas no art. 2.5, sobre as adicións, ampliacións, supresións ou diminucións relativas ás zonas húmidas incluídas na Lista.

-Recibir das Partes as informacións sobre os cambios nas condicións ecolóxicas nos humedais da Lista de conformidade co art.2.3.

-Notificar ás Partes de calquera modificación da Lista ou de calquera alteración nas características dos humedais inscritos, e adoptar as disposicións pertinentes para que se examinen esas cuestións na primeira conferencia a celebrar.

-Poñer en coñecemento da Parte Contratante interesada as recomendacións relativas ás modificacións na Lista ou ós cambios nas características das zonas húmidas inscritas.

2-Comité Permanente: Está composto por varias Partes Contratantes, entre elas o Estado español que desde 1990 fai as funcións de representante de Europa Occidental. A misión do Comité non é outra que facer de representantes entre os períodos de tempo que medien entre as Conferencias.

3-Conferencia das Partes: Xa estudada noutra parte do traballo, cabe unicamente referir neste punto que a Conferencia é o órgano decisorio máximo e que se reúne cunha periodicidade bianual.

4-Organismo das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura: Como xa sabemos fai as funcións de Depositario e ten as obrigas do art. 12.1 xa vistas con anterioridade.

C) Firma, ratificación, aceptación ou aprobación e adhesión. De todas estas cuestións ocúpase o art. 9º do Convenio, segundo este artigo o Convenio está aberto á firma indefinidamente. Pero ¿a quen está aberto? A resposta a esta cuestión danola o art. 9.2 que nos din que pode ser Parte do Convenio todo país membro das Nacións Unidas ou dalgún dos seus

organismos especializados ou do Organismo Internacional de Enerxía Atómica ou que sexa Parte no Estatuto da Corte Internacional de Xustiza. Xa sabemos quen pode ser Parte do Convenio agora debemos saber como se adquire esa condición, pois ben o mesmo artigo establece os medios en virtude dos que se pode chegar a ser Parte: A firma sen ratificación, a firma con esa reserva seguida de ratificación, ou a adhesión. Esta ratificación ou adhesión efectuarase mediante o depósito dun instrumento de ratificación ou adhesión ante o Depositario que xa non fai falla recordar quen cumpre esta función.

D) Entrada en vigor do Convenio. O Convenio entrou en vigor catro meses despois de que sete Estados (Australia, Noruega, Sudáfrica, Finlandia, Irán, Grecia e Bulgaria) pasasen a ser Partes do Convenio en virtude do art. 9.2. A data concreta de entrada en vigor é o 21 de Nadal de 1975.

E) Entrada en vigor para o Estado español. Establécese no art. 10.2 que o Convenio entrará en vigor catro meses despois do depósito do depósito do Instrumento de Adhesión. O Estado español depositouno o 4 de Maio de 1982 polo que a data de entrada en vigor é o 4 de Setembro dese mesmo ano.

F) Enmendas, reservas e denuncias ou retiro. Nun principio non se prevía a cuestión das enmendas no Convenio polo que as Partes Contratantes decidiron adoptar o Protocolo de Enmenda do Convenio relativo ós Humedais de importancia internacional, especialmente como hábitat de aves acuáticas, feito en París o 3 de Nadal de 1982. Ratificado por Instrumento o 18 de Maio de 1987 pola Xefatura do Estado español.

Segundo isto o Convenio poderá modificarse en reunión das partes contratantes a proposta de calquera das Partes, calquera destas poderá facer as propostas de enmenda que crea convenientes. Respecto ás cuestión procedementais das enmendas (prazos, notificacións, aprobación) remitímonos ó propio texto legal.

En canto ás reservas temos que dicir que o Convenio non as contempla sen embargo cando se trate dun Estado que subscribira a Convención sobre Dereito dos Tratados de Viena de

1969. En todo caso prevalecerá o previsto no Convenio de Viena sobre as reservas.

Toda Parte Contratante poderá denunciar o Convenio cando transcurran cinco anos dende a data de entrada en vigor para ese Estado notificando a denuncia por escrito ante o Depositario. Esta denuncia surtirá efecto catro meses despois do día en que o Depositario reciba a correspondente notificación.

LISTADO DE HUMEDAIS DO ESTADO ESPAÑOL INCLUIDOS NO CONVENIO

O Estado español na actualidade ocupa o primeiro posto en canto a zonas de protección para as aves, con máis de dous millóns e medio de hectáreas, constituíndo as incluídas no Convenio de Ramsar unha extensión de 160.000 Ha.

Forman parte do Convenio as seguintes zonas:

- Laguna de Medina (Cádiz).
- Laguna Salada (Cádiz).
- Laguna de Zoñar (Córdoba).
- Laguna Amarga (Córdoba).
- Laguna del Rincón (Córdoba).
- Marismas del Odiel (Huelva).
- Salinas del Cabo de Gata (Almería).
- S' Albufera de Mallorca (Mallorca).
- Laguna de la Vega o del Pueblo (Ciudad Real).
- Laguna del Prado (Ciudad Real)
- Lagunas de Alcázar de San Juan (Yeguas y Camino de Villafranca) (Ciudad Real).
- Laguna de Villafáfila (Zamora).
- Complexo intermareal O Grove-Umia. A Lanzada, Porto Caneirón e Lagoa Bodeira (Pontevedra).
- Rías de Ortigueira e Ladrado (A Coruña).
- Lagoa e Areal da Frouxeira (A Coruña).
- Complexo das Praias Duna e Lagoas de Corrubedo (A Coruña).
- La Albufera (Valencia).

- El Hondo (Alicante).
- Salinas de la Mata y Torrevieja (Alicante).
- Prat de Cabanes y Torreblanca (Castellón).
- Aiguamolls de l Empordá (Girona).
- Delta del Ebro (Tarragona).
- Laguna de Manjavacas (Cuenca).
- Embalse de Orellana (Badajoz).
- Ría de Mundaka-Guernika (Vizcaia).
- Lagunas de Laguardia (Álava). (En proceso de tramitación).
- Laguna de Pitillas (Navarra).
- Embalse de las Cañas (Navarra).

BIBLIOGRAFÍA

- MOPT. Tratados Medioambientales suscritos por España. Serie monográficas. Páxs.217- 221.
- Fernández de Casadevante Romani, Carlos. La protección del Medio Ambiente en el Derecho Internacional Público Comunitario y Derecho español. Eusko Jaularitz. Páxs.173-186.
- Ministerio del Medio Ambiente: Información de Medio Ambiente. Revista do Ministerio de Medio Ambiente. Nº45-Septiembre-October 1996. Páx.6.
- González Bernáldez, Fernando y Carmen Pérez (1988): Importancia de los Humedales en las zonas áridas . Revista Quercus, Cuaderno 34, Diciembre. Páxs.14-15.
- Varios (1993): Donde ver aves en España Peninsular. Sociedad Española de Ornitología. Ed. Lynxs Edicions.

REFERENCIAS LEXISLATIVAS

- B.O.E. de 20 Agosto 1982 (núm.199). 2203. Convenio 2 Febrero de 1971, ratificado por Instrumento 18 de Marzo 1982 (Jefatura del Estado). Espacios Naturales Protegidos. Humedales de importancia internacional, especialmente como de hábitat de aves acuáticas.
- B.O.E. de 14 de Julio de 1987 (núm.167). 1639. Protocolo de Enmienda 3 de Diciembre 1982 ratificado por Instrumento 19 de Mayo 1987 (Jefatura del Estado). Espacios Naturales Protegidos. Del Convenio relativo a los humedales de importancia internacional especialmente como hábitat de las aves acuáticas.

**ESCOLMA DE CITAS ORNITOLÓXICAS
APARECIDAS NO PASPALLÁS DE 1993 a 1996**

Alcalde, A.; Calvo, X.; Carrión, B. e González, S.
(coordinadores)

PARDELA CINCENTA *Calonectris diomedea*

9 individuos o 07-08-94 en Cabo Udra (Pontevedra). Autor:
David Tain.

PARDELA PEQUENA *Puffinus assimilis*

Un exemplar en paso na Estaca de Bares o 06-10-96.
Autores: Agustín Alcalde, Juan Ignacio Díaz, Josefina
Cartelle, Lito Romero, Nicolás Pérez, Alberto Vieiro e
Rodolfo Blanco.

PAÍÑO GALLADO *Oceanodroma leucorhoa*

Un gran número de avistamentos durante o inverno en dis-
tintos puntos do litoral do sur. O día 07-01-96 observándose
un mínimo de 36 exemplares vivos na Ría de Arousa, así
coma un total de 28 mortos, na praia da Lanzada.

GARZA DENOITEIRA *Nycticorax nycticorax*

Un individuo no Río Tambre (A altura de Busto, Santiago) o 20-07-93. Autores: Álvaro Pomares, Paco Docampo.

GARZA AMARELA *Ardeola ralloides*

Un exemplar adulto en plumaxe nupcial, o 11-06-94 en Montevixán. Autor: Álvaro Pomares.

GARZA MEDIANA *Bubulcus ibis*

Un adulto en plumaxe nupcial na lagoa de Vixán (A Coruña) o 27-07-95. Autores: Agustín Alcalde, Francisco Carballo e Xesús Mareque.

GARZA BRANCA *Egretta alba*

Outro ano máis un individuo na Ría de Ortigueira 14-01-96. Autores: Ignacio Allegue, Xoan Rodríguez Silvar, Álvaro Fernández Polo e Juan Ignacio Díaz da Silva.

GARZA IMPERIAL *Ardea purpurea*

Un individuo xove en A Limia (Ourense) o 27-07-95. Autores: Álvaro Pomares, Xaquín Pomares, Agustín Alcalde, Francisco Carballo, e Xan Santamaría.

CEGOÑA BRANCA *Ciconia ciconia*

13 individuos en Roxos (A Coruña) voando en dirección N. o 05-03-95. Autor: X.M. Penas Patiño.

MAZARICO MOURO *Plegadis falcinellus*

Un exemplar o 12-12-93 no Baixo Miño (Pontevedra). Autores: Agustín Alcalde, Paco Docampo.

2 exemplares o 09-10-94 no Baixo Miño. Autores: David Taín e Moisés Pérez.

4 exemplares na Illa se Arousa o 13-11-93. Autor: Agustín Alcalde.

GANSO BRAVO *Anser fabalis*

Un individuo na Ría de Ortigueira o 14-01-96. Autores: Ignacio Allegue, Xoán Rodríguez Silvar, Álvaro Fernández Polo e Juan Ignacio Díaz da Silva.

GANSO CABECINEGRO *Branta bernicla*

Un exemplar na Ría de Ribadeo (Lugo) o 09-04-95. Autores: Agustín Alcalde, José López, José Manuel García.

GANSO CABECIVERMELLO *Branta ruficollis*

Un individuo na lagoa de Traba (A Coruña) o 22-01-95. Autores: X.M. Penas Patiño e Xan Santamaría.

PATO BRANCO *Tadorna tadorna*

Un exemplar o 20-02-94 e o 20-03-94 no Grove (Pontevedra), probablemente o mesmo exemplar. Autores: Agustín Alcalde, Álvaro Pomares, Paco Docampo.

PATO FERRUXENTO *Tadorna ferruginea*

Un exemplar o 16 e 17-01-93 no Grove (Pontevedra). Autores: Agustín Alcalde, Álvaro Pomares, Paco Docampo.

Un individuo o 20-02-94 e o 20-3-94 no Grove (Pontevedra). Autores: Agustín Alcalde, Álvaro Pomares, Paco Docampo.

3 exemplares o 07-03-93 no Grove (Pontevedra). Autor: Álvaro Pomares.

Non se descarta a procedencia de cautividade.

CERCETA REAL AMERICANA *Anas crecca carolinensis*

Un individuo macho o 10-01-93 na lagoa Sobrado dos Monxes (A Coruña) Autores: Agustín Alcalde, Carlos Rei, X. Lois Rei Muñiz, Rodolfo Blanco, Paco Carballo.

Un exemplar na lagoa de Cospeito o 16-01-96 e o 21-01-96. Autores: Xusto Calvo, Francisco J. Sánchez, Agustín Alcalde e Paco Carballo.

PARRULO RABUDO *Clangula hyemalis*

2 exemplares macho e femia o 28-01-94 en Praia de Modorra (Pontevedra) Autores: Paco Docampo e David Taín.

PARRULO OLLODOURO *Bucephala clangula*

Un individuo femia o 23-01-94 na lagoa de Sobrado. Autores: Agustín Alcalde, X. Lois Rei Muñiz, Carlos Rei e Xusto Calvo.

Unha femia na lagoa de Sobrado dos Monxes o 25-01-95 e o 04-02-95 Autores: Agustín Alcalde, Xan Santamaría Cameán, X.M. Penas Patiño, Antón Gende, Carlos Rei e Xusto Calvo.

Unha femia invernante na lagoa de Sobrado (A Coruña), observada entre o 17-01-96 e 26-02-96. Autores: Carlos Rei e Agustín Alcalde.

MERGO CRISTADO *Mergus serrator*

Tres femias na Ría de Camariñas o 09-07-94. Autores: Agustín Alcalde, Paco Carballo, Alvaro e Xaquín Pomares.

MIÑATO ABELLEIRO *Pernis apivorus*

Un individuo o 13-06-93 na Lagoa Sacra de Olives. Autores: Agustín Alcalde, Rodolfo Blanco.

Unha parella en vó nupcial o 14-04-95 en Ancares (Lugo). Autor: Xusto Calvo Peña.

Un exemplar en A Limia (Ourense) o 27-07-95. Autores: Agustín Alcalde, Paco Carballo, Alvaro e Xaquín Pomares e Xan Santamaría.

Un individuo o 29-03-96 en Cariño (A Coruña) Autor: Xusto Calvo.

VOITRE BRANCO *Neophron percnopterus*.

Un exemplar inmaturo en Estaca de Bares (A Coruña) o 07-10-95. Autores: Lito Romero, Álvaro Pomares, Agustín Alcalde, Francisco Carballo e Bernardo Carrión.

ÁGUIA ALBELA *Circaetus gallicus*

Unha parella na Serra do Barbanza o 15-08-95 Autores:
Agustin Alcalde e Lito Romero.

ÁGUIA REAL *Aquila chrysaetos*

Un exemplar nos Ancares (Lugo) preto do Mustallar o 13-07-94. Autores: Alvaro Pomares, Agustín Alcalde, Xusto Calvo, Paco Docampo, Carlos Rei.

Un individuo en Ancares (Lugo) preto de Tres Bispos o 30-10-94. Autores: Lito Romero, Luisa Delgado

AGUIA CAUDAL *Hieraaetus pennatus*

Un individuo en fase oscura o 03-10-93 en Navia de Suarna (Lugo). Autor: Xusto Calvo.

Un exemplar en fase oscura o 31-10-93 na Cidade de Santiago de Compostela. Autor: Agustín Alcalde.

AGUIA PEIXEIRA *Pandion haliaetus*

• Un individuo o 23-09-94, na ensenada de Dena (Pontevedra). Autor: Alvaro Pomares.

Un individuo en Valdoviño (A Coruña) o 05-10-96. Autores: Ignacio Allegue, Juan Ignacio Díaz.

FALCÓN PEQUENO *Falco subbuteo*

Primeira observación o 24-03-96 en Vilagarcía (Pontevedra). Autor: José Antonio Brea.

RASCÓN DE TERRA *Crex crex*

Un exemplar novo en Narón (A Coruña) o 22-09-94. Autor: Ignacio Allegue.

PATUDA *Himantopus himantopus*

6 adultos e 4 polos en Ponteceso (A Coruña) o 04-08-93

Catro individuos (dous machos e dúas femias) en Sobrado

dos Monxes (A Coruña) o 06-05-95. Autores: Xusto Calvo, Agustín Alcalde e Rodolfo Blanco.

PILRO CINCENTO *Calidris maritima*

3 individuos na Praia da Basteira (Cariño) o 25-09-93. Autor: Xusto Calvo.

26 individuos no Baixo Miño (Pontevedra) o 21-01-95. Autor: Paco Docampo, Álvaro Pomares e Agustín Alcalde.

BIRULICO PATIAMARELO PEQUENO *Tringa flavipes*

Un individuo o 08-12-95 na Illa de Arousa (Pontevedra). Autores: Carlos Rey e Francisco Carballo.

BIRULICO PINTADO *Tringa glareola*

Un individuo na Lagoa de Louro (A Coruña) o 08-05-95. Autores: Agustín Alcalde e Álvaro Pomares.

FALAROPO CINCENTO *Phalaropus fulicarius*

Dous exemplares na Illa de Arousa (Pontevedra) o 14-01-96. Autores: Agustín Alcalde, Carlos Rey, Alberto Vieiro, Xosé Lois Rey.

Un exemplar no Baixo Miño (Pontevedra) o 20-01-96. Autores: Pilar Fernández, David Taín, Xusto Calvo e Paco Docampo.

GAIVOTA DE DELAWARE *Larus delawarensis*

Dous individuos o 16 e 17-01-93 no Grove

Un individuo na Illa de Arousa (Pontevedra) o 24-02-96. Autores: Francisco Carballo, Agustín Alcalde.

GAIVOTA PAPOIA *Larus canus*

7 exemplares no Grove (Pontevedra) o 14-02-93. Autor: Agustín Alcalde.

GAIVOTA PATIAMARELA *Larus cachinnans*

Nidificación na cidade de Santiago de Compostela. Un individuo encubando o 04-06-94.

CARRÁN MASCATEIRO *Gelochelidon nilotica*

Un exemplar o 11-06-94 en Montevixán. Autor: Álvaro Pomares.

CARRÁN CRISTADO *Sterna sandvicensis*

49 exemplares na Praia de Barraña, Boiro, o 26-05-96. Aproximadamente unha terceira parte con plumaxe nupcial. Autor: Serafín González Prieto.

CARRÁN MOURO *Chlidonis nigra*

Un individuo na Lagoa de Louro o 12-10-93. Autores: X.M. Penas Patiño e Agustín Alcalde.

Dous individuos na Lagoa de Louro o 17-10-93. Autores: X.M. Penas Patiño, Agustín Alcalde.

Un individuo en Praia América (Vigo) o 26-09-94. Autores: Paco Docampo e David Taín.

RULA COMÚN *Streptotelia turtur*

Data da primeira chegada o 17-04-95. Un exemplar escoitado en Xuño (A Coruña). Autor: Xan Santamaría.

Visto un individuo en Santiago de Compostela o 22-02-96. Autor: Bernardo Carrión Velasco. Non se descarta que fose un individuo escapado.

CUCO PAPUDO *Clamator glandarius*

Un individuo novo atropelado na estrada de S. Román - Degrada, nos Ancares (Lugo) o 05-08-95. Autor: Xusto Calvo.

CUCO COMÚN *Cuculus canorus*

Un individuo voando o 18-09-93 na Illa de Arousa

(Pontevedra). Autores: Bernardo Carrión, Agustín Alcalde, Paco Carballo.

Individuo cantando en Roxos (A Coruña). o 26-03-95. Autor: X.M. Penas Patiño.

COTORRA GRIS *Myopsita monachus*

Grupo familiar de 5 individuos en Xuño (A Coruña) o 27-08-94. Autor: Xan Santamaría Cameán.

Dous individuos na Limia (Ourense) o 19-08-95. Autores: Agustín Alcalde, Xusto Calvo e Rodolfo Blanco.

Unha parella en Louro (A Coruña). Autores: Nicolás Pérez e Agustín Alcalde.

ABELLARUCO *Merops apiaster*

28 exemplares no tendido eléctrico en Vilariño de Conso (Ourense) o 07-08-93. Colonia Preto. Autores: Agustín Alcalde, Lito Romero, Xusto Calvo, Paco Carballo e Rodolfo Blanco.

BUBELA *Upupa epops*

Primeira observación do ano o 15-03-95, dous exemplares en A Cubela, Rois (A Coruña). Autores: X.M. Penas Patiño e Xan Santamaría.

Primeira observación do ano o 02-03-96, na Illa de Arousa (Pontevedra). Autor: Agustín Alcalde.

PETO VERDEAL *Picus viridis*

Un grupo de 12 individuos en Ancares (Lugo) no chandunha ladeira queimada o 04-10-94. Autor: Xusto Calvo.

PETO PEQUENO *Dendrocopus minor*

Un exemplar femia o 30-10-94 en Ancares (Lugo). Autor: Agustín Alcalde.

ANDORIÑA DAS BARREIRAS *Riparia riparia*

Colonia de cría en Sobrado dos Monxes (A Coruña) o 21-05-94. Autor: Agustín Alcalde.

ANDORIÑA COMÚN *Hirundo rustica*

Cita invernall o 04-12-93 na Lagoa de Xuño (A Coruña). Autor: Xan Santamaría Cameán.

O 24-01-94 tres exemplares en Aldea Nova, Ames (A Coruña). Autores: Xan Santamaría e X.M. Penas

Primeira chegada, un macho en Bastavales (A Coruña) o 03-02-95. Autores: Xan Santamaría, X.M. Penas.

Primeira observación do ano o 23-02-96 en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). Autor: José Antonio Brea.

ANDORIÑA DO CU BRANCO *Delichon urbica*

Unha parella na cidade de Santiago o 14-03-95. Autor: X.M. Penas Patiño.

Parella empezando a reprodución o 04-04-96 en Santiago. Autor: Serafín González Prieto.

PICA PATINEGRA MONTESA *Anthus spinoletta*

Un exemplar na Praia de Basteira, Cariño (A Coruña) o 30-09-94. Autor: Xusto Calvo.

PAPORRUBIO COMÚN *Erithacus rubecula*

Un individuo con albinismo parcial nas cobertoras de ámbalas dúas as, capturado para o seu anelamento o 08-06-96. Autores: Agustín Alcalde e Xusto Calvo.

REISEÑOR *Luscinia megarhynchos*

Un individuo anelado en Santiago de Compostela o 31-08-95. Autores: Xusto Calvo, Agustín Alcalde e Bernardo Carrión.

CURROXO REAL *Phoenicurus phoenicurus*

Un individuo en Santiago de Compostela o 06-06-96. Autor: Javier Tubío.

MELRO RUBIO *Monticola saxatis*

Un macho e 4 inmaduros o 13-08-94 no Mustallar, Ancares (Lugo). Autores: Alvaro Pomares, Xusto Calvo.

PAPAMOSCAS CINCENTO *Muscicapa striata*

Parella con dous polos recentes e un ovo por eclosionar o 06-07-95 na Rúa (Ourense). Autores: Álvaro Pomares, Agustín Alcalde.

Un exemplar en Santiago de Compostela o 25-08-96. Autor: Bernardo Carrión Velasco.

PAPAMOSCAS NEGRO *Ficedula hypoleuca*

Un individuo na cidade de Santiago de Compostela o 08-08-95. Autor: Bernardo Carrión Velasco.

FERREIRI O DE CALUGA NEGRA *Parus palustris*

Un individuo na Serra do Courel o 01-09-96. Autores: Javier Tubío e Carmen Romero.

OURIOLO *Ouriolus ouriolus*

Un macho escoitado en Ancares (Lugo) o 16-04-95. Autor: Xusto Calvo Peña.

PICANZO COMÚN *Lanius senator*


Un exemplar o día 25-03-95 en Corrubedo (A Coruña). Autor: Pepe López e José Manuel García.

PIMPÍN REAL *Fringilla montifringilla*

3 exemplares en Ancares (Lugo) o 29-10-94. Autores: Lito Romero, Rodolfo Blanco e Luisa Delgado.

BICOCORTO *Loxia curvirostra*

Un individuo femia o 26-09-94 en Saián (Vigo). Autores:
Paco Docampo e David Taín.



NORMAS EDITORIAIS

A revista BRAÑA acolle traballos e notas sobre estudio e divulgación do medio natural galego. O idioma de publicación é o galego.

Textos

Os artigos deberán enviarse en copia impresa duplicada, incluíndo ao final os gráficos, táboas e ilustracións correspondentes. A extensión será dun máximo de 20 follas A4 a dobre espazo con marxes de 2,5 cms (letra Courier de 12 puntos e interliñado de 2, no caso de procesadores de texto).

O texto debe incluír un resumo, suficientemente explicativo, en galego e en inglés, de un máximo de 200 palabras. Adxuntarase ao final ata 10 palabras clave. A ser posible acompañarase dunha copia en disquete de 3,5", preferiblemente en Wordperfect, Word, RTF ou ASCII, pero calquera outro procesador compatible é aceptado. Neste caso deberase mecanografiar sen ningún tipo de formato (tabuladores, parágrafos, etc.) e axustado á esquerda, agás as palabras en negriña ou cursiva que deban respectarse. No texto indicarse a colocación das ilustracións, gráficos ou táboas. Ilustracións e Gráficos.

- Poderanse presentar: a) en tinta china sobre papel vexetal a un tamaño mínimo de A4, b) como saída de impresora laser ou ploter de alta calidade, c) como ficheiro de gráficos en formato .PCX, .TIF ou MacPaint / MacPict. Na opción c adxuntarase tamén unha copia impresa en A4.

Táboas

Deberán ser o máis sinxelas posibles, en forma de columnas sen separadores verticais.

Recoméndase que se elaboren nunha folla de cálculo electrónica e imprimíndoas como un ficheiro ASCII delimitado. Cada táboa irá numerada en arábigos e levarán un pé-preferiblemente bilingüe- único.

Bibliografía

Cando se citen dentro do texto as referencias aparecerán como (Iglesias 1983), (Díaz-Fierros & Gil Sotres 1984), (Dymond *et al.* 1989). Na bibliografía final seguiranse os seguintes exemplos (non é necesario o formato):

Carballeira, A. 1983. Bioclimatología de Galicia. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña. Howe, H. 1979. Fear and frugivory. *American Naturalist*, 114: 925-931.

Alamany, O., Juana, A. de, Parellada, X. & Real, J. 1984. Status de L'Aguila Cuabarrada (*Hieraaëtus fasciatus*) à Catalunya. *Rapinyaires Mediterranis*, 11: 98-108.

AVISTAMIENTOS DE CETÁCEOS. 1996

Especie	Nº adult.	Nº inmad.	TOTAL	COORDENADAS	País, Costa, Ria, etc.	CONCE	Prov.	DATA	Observ. deshorc.	Observ. dierna	Comunicante
T. tm	--	--	6	42°32'46" N, 8°52'58" W	Illa Arousa	Arousa	P	2/03/96	--	SI	Agustín Alcalde
O. orc	--	--	1	43°33'38" N, 8°15'56" W	Praia Pozos	Ferrol	C	15-31/03/96	--	SI	Pablo Chao
T. tm	--	--	7	43°26'42" N, 8°19'08" W	Punta Cedeada	Ars	C	13/04/96	--	SI	Ivan Koeko
T. tm	--	--	20	43°30'00" N, 8°19'10" W	Oultrío/Dominios	Ferrol	C	13/04/96	--	SI	Pedinho
T. tm	17	3	20	43°30'00" N, 8°19'10" W	Oultrío/Dominios	Ferrol	C	13/04/96	--	SI	Pablo Chao
T. tm	7	3	10	43°29'48" N, 8°19'10" W	Península/Dominios	Ferrol	C	27/04/96	--	SI	Pablo Pita C.
T. tm	--	--	30	43°28'52" N, 8°11'10" W	Ponte Pita (Ria Ferrol)	Ferrol	C	30/04/96	--	SI	Juan F. Villaverza
T. tm	8	2	10	43°29'38" N, 8°14'23" W	A Malia (Ria Ferrol)	Ferrol	C	09/05/96	--	SI	M. Pedreira P. Vigo
T. tm	--	--	5	43°35'06" N, 8°13'09" W	Campelo	Narón	C	05/05/96	--	SI	Toñi Fortuna
T. tm	4	3	7	43°33'38" N, 8°15'58" W	Pozos	Ferrol	C	12/05/96	--	SI	V. Rierdel, F. Morgado
T. tm	--	--	7	43°35'06" N, 8°13'09" W	Campelo	Narón	C	12/05/96	--	SI	Toñi Fortuna
T. tm	--	--	2	43°30'00" N, 8°19'10" W	Oultrío/Dominios	Ferrol	C	16/05/96	--	SI	Pablo Chao
T. tm	--	--	20	43°33'38" N, 8°15'58" W	Pozos	Ferrol	C	18/05/96	--	SI	Pablo Chao
T. tm	17	3	20	43°37'08" N, 8°09'15" W	Frouxira	Valdoviño	C	19/05/96	--	SI	Juan Ignacio/Osry
T. tm	--	--	4	43°28'20" N, 8°13'53" W	Muelle Ferrol (Ria)	Ferrol	C	06/06/96	--	SI	Angel Alvarez
T. tm	--	--	12	43°27'38" N, 8°17'37" W	Boca Ria Ferrol	Ferrol	C	09/06/96	SI	--	INCE/COLH/SCJMU, Bouza
T. tm	9	1	10	43°39'12" N, 8°15'12" W	A Malia/Ria Ferrol	Ferrol	C	12/06/96	--	SI	Jorge Belán P.
T. tm	--	--	30	43°25'00" N, 8°12'10" W	Ria Ars	Pontevedra	C	14/06/96	--	SI	Alvaro de la Vega R.
T. tm	11	1	12	43°28'55" N, 8°15'17" W	A Malia/Ria Ferrol	Ferrol	C	16/06/96	SI	--	INCE/COLH/SCJMU, Bouza
T. tm	--	--	2	43°29'38" N, 8°14'54" W	A Malia/Ferrol	Ferrol	C	23/06/96	--	SI	Jorge Belán P.
T. tm	7	1	8	43°27'38" N, 8°17'37" W	Boca Ria Ferrol	Ferrol	C	30/06/96	SI	--	INCE/COLH/SCJMU, Bouza
T. tm	20	5	25	43°28'55" N, 8°15'17" W	A Gaiñal/Ria Ferrol	Ferrol	C	30/06/96	SI	--	José Figueras Rey
T. tm	5	--	8	42°32'05" N, 8°52'58" W	Illa de Arousa, Sur	Arousa	P	13/07/96	--	SI	Agustín Alcalde Lorenzo
T. tm	1	1	2	43°27'53" N, 8°16'45" W	Enseada Baño/Ria Ferrol	Ferrol	C	14/07/96	SI	--	INCE/COLH/SCJMU, Ignacio
T. tm	9	6	15	43°30'00" N, 8°19'10" W	Oultrío/Dominios	Ferrol	C	18/07/96	--	SI	Cruz Vemella
T. tm	--	--	6	43°28'20" N, 8°13'53" W	Ria Ferrol	Ferrol	C	28/07/96	SI	--	INCE/COLH/SCJMU, Ignacio
T. tm	--	--	7	42°34'22" N, 8°55'08" W	Illa Arousa	Arousa	P	29/08/96	--	SI	Agustín Alcalde
T. tm	--	--	5	42°45'33" N, 9°03'44" W	Enseada Seixido	Muros	C	8/10/96	--	SI	Agustín Alcalde/Nicolás Pérez R.
T. tm	7	1	8	43°29'10" N, 8°15'15" W	A Graña/Ria Ferrol	Ferrol	C	20/10/96	SI	--	INCE/COLH/SCJMU, Ignacio
D. del	--	--	16	42°32'05" N, 8°52'58" W	Illa Arousa/Sur	Arousa	P	9/11/96	--	SI	A. Alcalde C. Roy/A. Vieiro

VARAMENTOS DE CETÁCEOS. 1996

Especie	data	coordenadas	Parai/Concello	P	Sexo	medida	Comunicante	Observacións
D. del	09-02-96	43°30'18" N-8°19'11" W	Domíños/Ferrol	C	M	130 cms	J.L. Diaz	
D. del	16-02-96	43°29'57" N-8°19'00" W	Domíños/Ferrol	C	F	201 cms	Juan Ignacio	
D. del	16-02-96	43°31'29" N-8°18'28" W	S. Xurxo/Ferrol	C	M	198 cms	Juan Ignacio	
D. del	20-04-96	43°30'09" N-8°19'00" W	S. Xurxo/Ferrol	C	M	--	Juan Ignacio	Imposibilidade tomar medidas
D. del	22-04-96	43°31'29" N-8°18'28" W	S. Xurxo/Ferrol	C	--	--	Juan Ignacio	Imposibilidade tomar medidas
T. tru	23-04-96	43°28'40" N-8°12'55" W	Ría Ferrol/Ferrol	C	M	220 cms	Jorge R. Bouza/ J. Ignacio	Autopsia. Peso 130 kg. Recuperado esqueto
T. tru	12-05-96	43°33'25" N-8°17'37" W	Sta. Comba/Ferrol	C	F	187 cms	Juan Ignacio	---
G. mel	13-05-96	43°37'10" N-8°08'50" W	Frouxeira/Valdoviño	C	M	410 cms	J.Carlos Vigo/ J. Ignacio	Cortes hélice
P. pho	20-05-96	43°36'45" N-8°09'55" W	Frouxeira/Valdoviño	C	F	184 cms	J.Carlos Vigo/ J. Ignacio	Autopsia. Ausencia alimento aparato dixestivo. Marcas dentes tabetron. Recuperado cráneo
D. del	11-06-96	43°33'26" N-8°17'10" W	Sta. Comba/Ferrol	C	M	182 cms	Juan Jesús/ Juan Ignacio	---
Delphi.	04-07-96	43°29'47" N-8°18'50" W	Carriño/Ferrol	C	--	--	Anónimo	Non foi atopado.
D. del	19-07-96	43°30'09" N-8°19'00" W	Domíños/Ferrol	C	M	178 cms	Ignacio Allegue/ J. Ignacio	Recollido cando flotaba á deriva.
D. del	23-08-96	43°30'09" N-8°19'00" W	Domíños/Ferrol	C	F	198 cms	Salvador Sánchez/ J. Ignacio	---
D. del	24-08-96	43°32'32" N-8°17'56" W	Vihar/Comas/Ferrol	C	M	222 cms	Salvador Sánchez/ J. Ignacio	---
D. del	29-08-96	43°29'57" N-8°19'00" W	Domíños/Ferrol	C	M	--	Juan Ignacio	Imposibilidade tomar medidas. Monificado.
D. del	15-09-96	43°33'20" N-8°15'56" W	Ponzoas/Ferrol	C	M	190 cms	Juan Ignacio	Observado antes do varamento flotando á deriva frente a Cabo Prior.

Especie	data	coordenadas	Prata/Concello	P	Sexo	medida	Comunicante	Observacións
T. tru	24-09-96	43°36'38" N-8°10'09" W	Frouxeira/Valdoviño	C	--	280 cms.	Juan Ignacio	---
D. del	30-09-96	43°27'53" N-8°16'13" W	Castelo Palma/Ferrol	C	F	218 cms.	Juan Ignacio	---
T. tru	07-10-96	42°45'27" N-9°05'57" W	Louro/Muros	C	M	267 cms.	Agustín Alcalde/ Nicolás P. Rguez.	---
G. gri	07-10-96	42°45'19" N-9°05'38" W	Louro/Muros	C	M	241 cms.	Agustín Alcalde/ Nicolás P. Rguez.	---
D. del	21-10-96	43°29'29" N-8°19'10" W	Domíños/Ferrol	C	M	219 cms.	Ignacio Allegue/ J. Ignacio	---
P. pho	24-11-96	43°36'11" N-8°11'26" W	Meirás/Valdoviño	C	M	176 cms.	Ismael Miján/ Javier G. Galdo	---
Delphi.	07-12-96	43°33'33" N-7°06'07" W	Porto Rinto/Ribadeo	L	--	--	Lola Alonso Castro	---
D. del	28-12-96	43°31'29" N-8°18'28" W	San Xurxo/Ferrol	C	--	220 cms.	José Araújo	---

D. del	Delphinus delphis
T. tru	Tursiops truncatus
G. mel	Globicephala melana
G. gri	Grampus griseus
P. pho	Phocoena phocoena
Delphi	Delphinus sin determinar
O. orc	Orcinus orca

ÍNDICE Braña. 1996

BOLETÍN DA SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Editorial.....	3
S. Ortiz: <i>A obra botánica de Xavier Sónora</i>	5
A. Alcalde, X. Calvo, B. Carrión e S. González: <i>Censo de aves acuáticas invernantes S.G.H.N. 1996</i>	11
J. Martínez Piñeiro e M.I. López-Prada: <i>Proposta didáctica para o estudio comparativo da biodiversidade líquénica entre formacións boscosas autóctonas e alóctonas en Galicia</i>	45
J.I. Díaz da Silva: <i>Avistamentos e varamentos de cetáceos. Ano 1996</i>	61
I. Allegue Lagostena: <i>A convención de RAMSAR para a protección de zonas húmidas</i>	71
Alcalde, A.; Calvo, X.; Carrión, B. e González, S. (coordinadores): <i>Escolma de citas ornitolóxicas aparecidas no Paspallás de 1993 a 1996</i>	87
Normas editoriais.....	99